



## ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

**DATA DE ENVÍO: 09/08/2024**

**TIPOLOXÍA: TEMPERATURAS MÁXIMAS**

**NIVEL DE ALERTA: LARANXA**

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 71/71GAL emitido ás 11:34 hora oficial do día 09/08/2024, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **TEMPERATURAS MÁXIMAS** de nivel **LARANXA** (risco importante) que se iniciará ó mediodía do **sábado 10 de agosto** e que afectará aos ámbitos xeográficos de **MIÑO, SUR e VALDEORRAS** de **OURENSE** podendo alcanzarse os 40°C. Prevese que remita coa chegada da noite.

Ademáis, este sábado desde o mediodía e ata a noite, estarán en nivel AMARELO por temperatura máximas todas ás áreas xeográficas do resto da provincia de OURENSE, toda a provincia de PONTEVEDRA, o Interior e Suroeste da CORUÑA e as zonas Sur e Montaña de LUGO.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: [www.aemet.es](http://www.aemet.es), do CIAE 112: [www.axega112.gal](http://www.axega112.gal), e de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)